



## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL E A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN DA CADEA MONTE INDUSTRIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural segundo o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94) polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e actuando así mesmo na súa condición de presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 12 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Julián Cerviño Iglesia, Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Julián Cerviño Iglesia.

Ambas as partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude





## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a AMTEGA ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo.-** No Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27/05/2022) consta como órgano de dirección da Consellería do Medio Rural (en adiante, CMR) a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (en adiante, DXPOF).

Segundo o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, correspóndelle a esta dirección xeral o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

**Terceiro.-** O Decreto 109/2022, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de





decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece como unhas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico adscritas á Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante XERA), á quen lle corresponde no exercicio das súas competencias dispostas no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia de usos forestais, especialmente na mellora da súa xestión sustentable, para entes públicos ou privados, en coordinación coa consellería competente en materia de montes.

A XERA é unha axencia pública autonómica que conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias, podendo para elo colaborar con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes de acordo co principio de colaboración interadministrativa.

**Cuarto.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia. A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar *"as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos"*.

**Quinto.-** O 3 de xaneiro de 2020 asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade de sistemas de información de xestión forestal. O dito acordo foi addendado o 17 de marzo de 2021 prorrogando a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022. O presente acordo da continuidade na colaboración entre ambos organismos que se estende á Axencia Galega da Industria Forestal.



Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Axencia Galega da Industria Forestal e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes

## CLAÚSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Medio Rural e a Amtega para o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información que permitan o apoio no desenvolvemento das competencias encamiñadas á planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais, así como do desenvolvemento e dixitalización da industria forestal de Galicia.

### Segunda.- Financiamento

O importe da achega da Consellería de Medio Rural a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Axencia Galega da Industria Forestal para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de 3.151.000 euros (TRES MILLÓNS CENTO CINCUENTA E UN MIL EUROS) IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	TOTAL
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	90.000 €	1.515.000 €	1.400.000 €	3.005.000 €
Axencia Galega da Industria Forestal	110.000 €	18.000 €	18.000 €	146.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>200.000 €</b>	<b>1.533.000 €</b>	<b>1.418.000 €</b>	<b>3.151.000 €</b>

En resumo:

- Anualidade 2022: 200.000 €
- Anualidade 2023: 1.533.000 €
- Anualidade 2024: 1.418.000 €



Serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, para a súa posterior baixa, nas seguintes aplicacións orzamentarias do seu orzamento:

Aplicación orzamentaria	Proxecto	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Total (IVE incluído)
<i>Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal</i>					
14.03.713B.640.1	2013 00643	90.000 €	1.515.000 €	1.400.000 €	3.005.000 €
<i>Axencia Galega da Industria Forestal</i>					
06.A4.741A.640.0	2018 00002	110.000 €	18.000 €	18.000 €	146.000 €
<b>TOTAL</b>		<b>200.000 €</b>	<b>1.533.000 €</b>	<b>1.418.000 €</b>	<b>3.151.000 €</b>

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente nas aplicacións 14.03.713B.640.1 e 06.A4.741A.640.0 da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Axencia Galega da Industria Forestal respectivamente, ca correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2022, 2023 e 2024.

### **Terceira.- Actuacións a desenvolver**

Ao abeiro do presente acordo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, levará a cabo o desenvolvemento e mantemento evolutivo dos sistemas de información que dan soporte á xestión forestal, con particular fincapé nos sistemas que faciliten a ordenación e planificación forestal de Galicia e instrumentos relacionados, de acordo coa priorización establecida pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e a Axencia Galega da Industria Forestal dentro dos límites orzamentarios deste acordo, en concreto:

a.) O desenvolvemento, mantemento evolutivo, explotación e soporte de novos sistemas non contemplados polo acordo vixente:

1. Detección satelital de cortas de madeira ilegais.
2. Estratexia dixital créditos de carbono.

b.) O mantemento evolutivo, explotación e soporte dos sistemas de información seguintes a partir do 1 de xaneiro de 2023 unha vez rematado a acordo vixente ao cal o presente lle da continuidade:





1. Ecosistema de instrumentos de xestión e tramitación de redacción dos instrumentos de ordenación forestal (XORFOR) e sistemas conexos (ORDFOR), e seguimento dos plans especiais (PE) coordinado co sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia.
2. Ecosistema de xestión de solicitudes de cortas de madeira en terreos forestais de xestión privada (CORWEB, CORPRI) e xestión dos aproveitamentos de talas de monte de xestión pública (CORPUB).
3. Sistema de xestión dos reinvestimentos obtidos a partir da xestión dos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal (REIMON).
4. Ferramentas de apoio ao sistema rexistral forestal de Galicia (SIRFOG).
5. Inventario catastral do seguimento da actividade forestal.
6. Sistema de xestión para o rexistro, seguimento e análise da información relativa a pragas, enfermidades e danos nas masas forestais - saúde e vitalidade forestal (SAVFOR).
7. Ferramentas transversais de apoio na xestión englobadas no proxecto XESFOR (COCOEL, CONMON, FEAMON, TRAMON, MANMON, MONUSR...).
8. Sistemas de xestión estratéxica: soporte á toma de decisións, cadro de mando, avaliación de persoal e monitor de actividade e inactividade forestal.
9. Sistemas de xestión operativa: semente, sanidade forestal, certificación/auditoría, contratación de servizos, actuacións forestais, cortas públicas, plans de ordenación forestal, reinvestimentos, adhesións ó modelo silvícola, cortas privadas.
10. Plataformas de soporte: xestión económica, sistemas rexistral forestal, inventario forestal, inventario de actividade forestal.
11. Plataformas de interconexión: presentación XIS, comunicacións M2M, solucións en mobilidade.
12. Portais: oficina virtual forestal, portal para administracións públicas, portal do propietario forestal.
13. Plataforma colectiva de promoción da madeira e outros recursos forestais.





14. Evolución do proxecto de pilotaxe trazabilidade / Blockchain (FORTRA).
15. Fondo documental do monte de Galicia (FDMG) e fototeca forestal.
16. Plataformas de apoio e soporte ás agrupacións forestais de xestión conxunta.
17. Inventario forestal de Galicia (INVEGA).
18. Mantemento de aplicacións herdadas (*legacy*).
19. Outros proxectos que podan englobarse no obxecto deste acordo e determinados polos representantes designados polas partes asinantes para o seguimento das actuacións (Cláusula 7. Comisión de seguimento)

Quedan excluídos os sistemas de apoio na xestión de axudas forestais financiadas con cargo ao Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia - con orzamento FEADER – por dispoñer de acordos e marcos contractuais específicos financiados polo FEADER.

c.) A tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Asemade desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a *Consellería de Medio Rural, a través da Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal e a Axencia Galega da Industria Forestal*, e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería de Medio Rural recollido na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.

#### **Cuarta.- Previsións de desenvolvemento**

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.



### **Quinta.- Vixencia do acordo e prórroga**

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2024.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

### **Sexta.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Sétima.- Comisión de Seguimento**

Para o seguimento e toma de decisións en relación ao presente acordo constitúese no momento da firma unha comisión mixta de seguimento composta polos seguintes membros:

- Por parte da DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL:  
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
- Por parte da AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL:  
O director da Axencia Galega da Industria Forestal
- Por parte da AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA:  
O director da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

Os anteriores representantes poderán delegar noutros membros da súa organización a asistencia. Ás reunións da Comisión de Seguimento poderá asistir en calidade de asesor, o persoal que, no seu caso, determine cada unha das partes integrantes da mesma. As reunións poderán realizarse presencialmente ou mediante medios telemáticos, quedando constancia nunha acta dos resultados.

A comisión terá entre as súas funcións:

- Efectuar o seguimento no avance das actuacións.
- Aprobar outros proxectos que podan englobarse neste acordo con suxeición ao obxecto e financiamento máximo establecido.





## Oitava.- Publicidade

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo.

O conselleiro do Medio Rural e  
presidente da Axencia Galega da  
Industria Forestal

O director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

José González Vázquez

Julián Cerviño Iglesia

